



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAÑÓN

Delegacións específicas

Decreto da Alcaldía nº 153/2023, de 28 de xuño.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Realizar as seguintes delegacións específicas nos Concelleiros que se relacionan:

- D. Francisco Calvín Fondevila: Cultura, turismo, deportes, facenda e economía.
- D. Miguel Freire Gómez: Medio ambiente, territorio e infraestruturas, industria e emprego.
- Dna Alba María Martínez López: Educación, xuventude e igualdade.
- Dna Azucena Cao Sierra: Sanidade, benestar social e asociacións.
- José Manuel Santeiro Fernández: Medio mariño, portos e marisqueo.
- Enrique Otero Rey: Medio rural.

SEGUNDO.- A delegación inclúe tódalas facultades delegables do Alcalde e referirase á dirección interna e xestión dos servizos que afectan ó ámbito territorial de cada parroquia pero non incluírá a facultade de resolver mediante actos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.- De conformidade co artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a delegación surtirá efecto dende o día seguinte ó da data da resolución, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre e entenderase tacitamente aceptada se no prazo de tres meses, contados dende a notificación, o delegado/a non fai manifestación expresa de que non acepta a delegación.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica.-O ALCALDE.: Alfredo Dovale Pedreira

En Mañón, a 8 de agosto de 2023

O Alcalde

Alfredo Dovale Pedreira

2023/6619